



Colexio Plurilingüe Nuestra Señora de los Remedios



Rúa das Orfas 5, 15703 Santiago de Compostela



981 58 58 50




www.colexiodosremedios.com

*¡Educando para transformar
o mundo!*



Proposta Educativa



- Formación para unha sociedade en continuo cambio.
- **Ensinanza personalizada.**
- Compromiso e paixón.
- **Relacións estreitas e de colaboración.**
- Competencia espiritual.
- **Metodoloxías activas.**



Innovación Educativa



Estimulación temperá e bits co fin de axudar á formación da estrutura do cerebro, facilitando estímulos que permitan que o neno (3- 6 anos) desenvolva as súas capacidades cognitivas, físicas e sociais.

Proxectos de comprensión que facilitan a aprendizaxe e a asimilación de contidos. Permiten que o alumnado poda realizar unha variedade de tarefas, demostrar que entenden do asunto proposto e á vez ser capaces de usalo en momentos diferentes.



Rutinas e destrezas de pensamento como ferramentas para estruturar o pensamento do alumnado e facelo visible.

Aprendizaxe baseada en problemas (ABP). Preséntase ó alumnado o problema e invítaselles a identificar o que teñen que aprender. Estes investigan e buscan información para resolver o problema e o profesor facilita que o proceso ocorra.

Aprendizaxe cooperativa no marco do obxectivo de cooperar para aprender e aprender para cooperar.



Robótica a fin de mellorar a atención, a concentración, a organización lóxica e o cálculo.

Intelixencias múltiples. Aplicación de estratexias pedagóxicas ademais das lingüísticas e matemáticas que permitan enfoques creativos e o desenvolvemento de outras intelixencias (interpersoal, intrapersoal, corporal, naturalista, plástica, musical e espiritual).

Xadrez para transformar a clase nun ximnasio mental para desenvolver o pensamento creativo e cultivar valores e habilidades sociais.



Escuela vicenciana

Traballamos a dimensión espiritual en todos os ámbitos e actividades extracurriculares. Cultivamos a interioridade que permite a apertura á transcendencia, vivindo en clave comunitaria a través da creación de oportunidades de formación e cremento na fe.

Educamos alumnos capaces de vivir xuntos e compartir, sensibles ás necesidades dos demais, comprometidos coa xustiza.

Vivimos a solidariedade a través de accións concretas destinadas a facilitar as necesidades de integración e dos coidados socio- educativos dos nenos máis desfavorecidos, a atención das súas familias e o compromiso co entorno.




Dinamización lingüística

Como comunidade con lingua e cultura propia, salientámola e valorámola en todas as actividades escolares, favorecendo a súa aprendizaxe e o seu uso cotián. Mantemos un compromiso pola apertura á realidade europea e global que facilita unha esixente formación en idiomas.



Orientación



■ Temos unha especial preocupación polas emocións e os procesos de aprendizaxe.

■ A nosa misión é dar resposta ás necesidades do alumnado do centro, contribuíndo o seu desenvolvemento integral.

■ Atendemos á diversidade do alumnado potenciando a inclusión e o traballo cooperativo como principios da intervención educativa.

■ Individualizamos os procesos de aprendizaxe educativa e consideramos a singularidade de cada un dos nenos.





Saber mais para servir melhor.